

## **PROPOSTA DE REGULAMENTO Nº R-12: REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

O Concello de San Sadurniño conta cun servizo municipal de abastecemento de auga, que se foi ampliando e mellorando co paso do tempo.

No marco do proceso de mellora dos servizos municipais e da súa normativa que está a levar o Concello, é preciso realizar actualizacións das ordenanzas fiscais reguladoras da taxa pola prestación do servizo de abastecemento, así como da taxa do servizo de recolla e tratamento das augas residuais, de cara a mellorar a redacción das normas e adaptalas ás accións de mellora que se pretenden desenvolver.


De forma complementaria tamén cómpre dotarse dun regulamento xeral do servizo de abastecemento, que recolla o funcionamento do servizo, incluíndo as obrigas e dereitos das persoas usuarias, a xestión das acometidas, dos contadores e das instalacións, as condicións de subministración e das autorizacións, as lecturas e a facturación, os motivos de suspensión e extinción da subministración, ou as infraccións e sancións.

Ata esta altura, o Concello contaba cun regulamento interno excesivamente sinxelo, e non adaptado ás características actuais do servizo. Por estes motivos, é preciso establecer este novo regulamento, que recolla todos os aspectos relacionados co servizo, de cara a asegurar unha calidade óptima ás persoas usuarias, e unha metodoloxía de traballo para o persoal encargado.

Deste xeito, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, o texto que segue, do Regulamento R-12 do servizo municipal de abastecemento de auga.

San Sadurniño, 22 de agosto de 2017

O Alcalde,



Secundino García Casal



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## ANEXO

### **Regulamento nº R-12: Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga**

#### **REGULAMENTO Nº R-12: REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

#### **ÍNDICE**

##### **CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS**

Artigo 1. Obxecto e definicións.

Artigo 2. Forma de xestión e titularidade do servizo.

##### **CAPÍTULO 2. OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DAS PERSOAS USUARIAS.**

Artigo 3. Obrigas da entidade subministradora.

Artigo 4. Dereitos da entidade subministradora.

Artigo 5. Obrigas da persoa usuaria.

Artigo 6. Dereitos da persoa usuaria.

##### **CAPÍTULO 3. ACOMETIDAS.**

Artigo 7. Tramitación de solicitudes.

Artigo 8. Aprobación ou denegación das acometidas.

Artigo 9. Realización de acometidas.

Artigo 10. Conservación e modificación das acometidas.

Artigo 11. Baixas no servizo.

##### **CAPÍTULO 4. INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E INSTALACIÓNS INTERIORES.**

Artigo 12. Elementos materiais do servizo.

Artigo 13. Instalacións interiores: execución e mantemento.

Artigo 14. Prohibición de mesturar auga de diferentes procedencias.

#### **CAPITULO 5. CONTADORES.**

Artigo 15. Equipos de medición de consumo de auga.

Artigo 16. Instalación e retirada de contadores.

Artigo 17. Verificación e conservación de contadores.

Artigo 18. Contadores avariados.

Artigo 19. Contadores con deficiencias de instalación.

#### **CAPITULO 6. CONDICIÓNS DE SUBMINISTRACIÓN DA AUGA.**

Artigo 20. Tipos de usos.

Artigo 21. Usos domésticos.

Artigo 22. Usos non domésticos.

#### **CAPITULO 7. CONDICIÓNS DA AUTORIZACIÓN.**

Artigo 23. Obxecto e alcance da autorización.

Artigo 24. Suxeitos e duración do contrato.

Artigo 25. Subscrición do contrato.

Artigo 26. Traslado e cambio de persoas usuarias.

Artigo 27. Subrogación.

#### **CAPÍTULO 8: REGULARIDADE NO SUBMINISTRO.**

Artigo 28. Continuidade do servizo.

Artigo 29. Suspensións temporais do servizo.

Artigo 30. Restricións na subministración.

#### **CAPÍTULO 9: LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN.**

Artigo 31. Periodicidade da lectura dos contadores.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Artigo 32. Lecturas.

Artigo 33. Determinación dos consumos.

Artigo 34. Consumos estimados.

Artigo 35. Facturas e recibos: formas de pagamento.

Artigo 36. Anuncio e prazo de pagamento e vía executiva.

Artigo 37. Corrección de erros na facturación.

### **CAPÍTULO 10: SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN.**

Artigo 38. Causas de suspensión da subministración.

Artigo 39. Procedemento de suspensión.

Artigo 40. Extinción da subministración.

### **CAPÍTULO 11: INFRACCIÓNS FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E SANCIÓN.**

Artigo 41. Fraudes no subministro de auga.

Artigo 42. Recursos.

Artigo 43. Infraccións e sancións

Artigo 44. Procedemento sancionador.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

**DISPOSICIÓN FINAL**

## **CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto e definicións**

1.1. O obxecto do presente regulamento é a regulación do servizo municipal de abastecemento de auga potable de San Sadurniño.

- 1.2. A efectos de simplificación, no presente regulamento, denomínase *persoa usuaria* a calquera persoa física ou xurídica que teña solicitado o servizo e que se lle autorizase en tempo e forma.
- 1.3. Entenderase por *servizos técnicos* a unidade administrativa que o Concello determina como responsábel do servizo, en canto ás tarefas de control, inspección técnica ou calquera outra de policía sobre o servizo e a súa xestión técnica.
- 1.4. Entenderase por *entidade subministradora* quen efectivamente realice o servizo de abastecemento de auga.

## **Artigo 2. Forma de xestión e titularidade do servizo**

O servizo de abastecemento de auga potábel é de titularidade municipal, e o Concello de San Sadurniño presta o dito servizo mediante xestión directa.

## **CAPÍTULO 2. OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE SUBMINISTRADORA E DAS PERSOAS USUARIAS**

### **Artigo 3. Obrigas da entidade subministradora**

- 3.1. A entidade subministradora estará suxeita ao cumprimento das seguintes obrigas:
  - a. Prestar o servizo a toda persoa usuaria nos termos establecidos no presente regulamento e noutras disposicións aplicables.
  - b. Manter as condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable, nomeadamente o RD 140/2003, que regula a calidade das augas de consumo público.
  - c. Manter de forma permanente a dispoñibilidade e regularidade do subministro, salvo no caso de circunstancias excepcionais, e nos supostos recollidos neste regulamento.
  - d. Colaborar coa persoa usuaria na solución das diferentes situacións nas que poida estar o subministro.
  - e. Efectuar a facturación correspondente, tomando como base as lecturas dos contadores e as tarifas contidas na ordenanza municipal.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- f. Manter e conservar ao seu cargo, a rede municipal e as instalacións públicas necesarias para o abastecemento.
  - g. Dar aviso ás persoas usuarias polo procedemento que se estime máis oportuno de calquera interrupción ou alteración que se produza na prestación do servizo.
- 3.2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o Concello poderá interromper ou reducir transitoriamente o servizo, sen previo aviso ou responsabilidade pola súa parte, cando, ao seu xuízo, así o aconselle o interese xeral ou por causa de forza maior allea á súa vontade.
- 3.3. Os cortes de auga por tarefas de conservación, mantemento, e outros motivos, como son as restricións puntuais por mor da seca, non darán lugar, en ningún caso, a indemnización.

#### **Artigo 4. Dereitos da entidade subministradora**

A entidade subministradora ten os seguintes dereitos:

- a. Inspeccionar as instalacións interiores e os equipos de medida de consumo de auga. A tal efecto, se a xuízo do Concello se determinase que existe perigo grave para a seguridade das persoas polo mal estado das instalacións ou ameaza de danos graves, poderase suspender o servizo de forma inmediata, poñendo o feito en coñecemento da persoa interesada. Neste caso, como naqueles outros nos que exista a necesidade de acometer a reparación por urxencia, o Concello poderá repercutir na persoa usuaria os gastos, debidamente xustificadas, no que se incorrese.
- b. Cobramento dos servizos prestados, tales como a cota de servizo, as altas de subministro, as taxas de conservación etc., así como da auga consumida pola persoa usuaria, cos prezos das tarifas oficialmente aprobadas.

#### **Artigo 5. Obrigas da persoa usuaria**

A persoa usuaria estará suxeita ás seguintes obrigas:

- a. Satisfacer puntualmente o importe do servizo de auga de acordo co previsto neste regulamento e na ordenanza fiscal vixente.
- b. Pagar as cantidades resultantes de liquidacións por erro, fraude ou avaría imputables á persoa usuaria.
- c. Usar a auga subministrada na forma e usos establecidos na autorización, de conformidade co presente regulamento, e cumprir, de ser o caso, as limitacións e prioridades de uso que se dispoñan en canto a eses usos.



San Sadurniño

[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- d. Respetar as instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, así como non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización, nin establecer nin permitir derivacións na súa instalación para subministro de auga a outros locais ou vivendas distintos dos consignados no contrato.
- e. Facilitar a entrada ao local ou vivenda onde se realice o subministro nas horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal do servizo que trate de revisar ou instalar os elementos precisos para inspeccionar as instalacións; asemade facilitar a ese persoal os datos que se lle soliciten en relación ao contrato de subministración.
- f. Conservar as súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilízalas correctamente e respectar os precintos colocados polos organismos competentes da Administración.
- g. Comunicar ao servizo municipal de auga calquera avaría ou irregularidade das instalacións da rede de subministración de auga que poida afectar ao funcionamento normal do servizo.
- h. Comunicar á entidade subministradora calquera modificación na instalación interior que represente consumos significativos polo seu volume.
- i. No caso de que un mesmo inmovible exista auga doutra orixe, á par do servizo público de subministración, a persoa usuaria disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poida entrar na rede xeral.
- l. Contar cun contador homologado, da súa propiedade ou do Concello, para cada unha das dependencias dun mesmo edificio ou construción cando se contraten por un mesmo titular distintos usos, así como ter as válvulas de retención necesarias para evitar o retorno de auga da súa instalación á rede pública.
- m. Conservar e manter as instalacións ao seu servizo, os contadores, así como os recintos ou armarios necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso, en bo estado de uso. Manteranse as condicións idóneas para a toma das lecturas do contador.
- n. Comunicar ao Concello calquera modificación na domiciliación do recibo, así como poñer en coñecemento do Concello a baixa no subministro cando así se desexe, baixa que terá efectos dende o momento do corte do subministro de auga polo Concello e o pago dos recibos do servizo pendentes, se os houber.
- o. No caso de toma de auga para obras, que posteriormente vaia dar lugar a contratos no subministro, a persoa titular dese contrato de obras virá obrigada solicitar ao Concello a instalación dun contador provisional, e a aboar os consumos realmente efectuados. Coa solicitude deberá constituír unha fianza, conforme ao seguinte baremo:



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Inmable ou obras conxuntas de unha a cinco vivendas: 200,00 €
  - Inmable ou obras conxuntas de seis a dez vivendas: 500,00 €
  - Inmable ou obras conxuntas de máis de dez vivendas: 1.000,00 €
- p. Asemade, a persoa titular do contrato de obras, unha vez rematadas, terá que comunicar a súa baixa ao Concello, e facilitar a documentación necesaria de cara a dar de alta aos novos titulares, indicando os usos e calibres empregados. Unha vez achegada a dita documentación, seralle devolta a fianza constituída.
- q. En xeral, cumprir coas condicións e obrigas contidas no contrato de subministro.

### **Artigo 6. Dereitos da persoa usuaria**

A persoa usuaria terá os seguintes dereitos:

- a. Dispor de auga na entrada da vivenda ou local, nas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas de conformidade coa normativa legal aplicable.
- b. Dispor na rasante de entrada na rúa, de condicións técnicas de presión que, de acordo coa instalación da vivenda, sexan axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable, e de acordo ás condicións técnicas esixibles ao servizo.
- c. Solicitar á entidade subministradora as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o servizo.
- d. A que se lle facturen os consumos de acordo coas tarifas vixentes.
- e. Obter a autorización e asinar un contrato de subministración suxeito ás garantías da normativa establecida.
- f. Formular as reclamacións administrativas que considere convenientes de acordo co procedemento establecido neste Regulamento.
- g. Elixir obrigatoriamente un instalador autorizado que execute as instalacións interiores.

## **CAPÍTULO 3: ACOMETIDAS**

### **Artigo 7. Tramitación de solicitudes**

- 7.1. A aprobación ou denegación de toda acometida para a subministración de auga potable é competencia do Concello, nas condicións establecidas no presente regulamento e as que resulten da normativa de aplicación, previo informe dos servizos técnicos municipais.
- 7.2. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable deberá presentarse de forma independente para cada finca que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

condicións previstas neste regulamento. Considéranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios no mesmo edificio. Os locais que estean sitos nas plantas inferiores da unidade independente de edificación, aínda cando non tivesen acceso común, deberán abastecerse da correspondente batería xeral de contadores, que todo inmovible debe posuír.

7.3. Dende o momento da entrada en vigor do presente regulamento, a persoa titular do uso dun local comercial ou industrial dun inmovible deberá solicitar unha acometida independente.

7.4. A solicitude farase en impreso normalizado que facilitará o Concello. Na solicitude farase constar:

- Nome da persoa solicitante ou razón social
- Enderezo e teléfono, a efectos de notificación
- Enderezo para o que se solicita a acometida

Ademais poderase achegar a documentación que prevexa a lexislación aplicable (licenzas de primeira ocupación, boletín de instalación de fontanería da Delegación de Industria, licenzas de apertura, licenza urbanística en caso de obras etc.).

7.5. A solicitude de acometida á rede municipal non será tramitada se non se cumpren as circunstancias seguintes:

- Que o inmovible a abastecer non estea situado dentro da área de cobertura do abastecemento.
- Que o inmovible que se pretenda abastecer non conte coas instalacións interiores adecuadas.
- Que o inmovible a abastecer non dispoña de acometida para vertidos de augas residuais e pluviais, ou non teña resolto o sistema de evacuación das mesmas.
- Que non se presentase calquera dos documentos anteriormente esixidos.
- Que, cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, non se acredite a constitución da servidume de paso, ou documento asinado de aceptación de paso.
- Que a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente ou excesiva para un correcto servizo, ou que a persoa usuaria non instalase as medidas correctoras correspondentes.

### **Artigo 8. Aprobación ou denegación das acometidas**

A aprobación ou denegación de acometidas corresponderalle á Alcaldía ou ao órgano en quen delegue, previo informe dos servizos técnicos municipais.



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

### **Artigo 9. Realización de acometidas**

- 9.1. A execución das acometidas será competencia do Concello, que realizará os traballos e instalacións correspondentes, pasando a ser propiedade municipal o ramal instalado.
- 9.2. A acometida realizarase na tubaxe xeral de distribución e finalizará na zona pública, xunto ao límite da propiedade da persoa usuaria. O resto de instalacións necesarias para o abastecemento de auga, situadas en zona privada, serán por conta e cargo da persoa usuaria e serán realizadas por un instalador autorizado, nas condicións que se indican no Capítulo 4.
- 9.3. Só con previa autorización do Concello, as persoas propietarias poderán realizar ampliacións ou derivacións da rede para fornecer de auga o seu domicilio, reverténdooas ao municipio antes da súa entrada en servizo. En todo caso, se posteriores persoas usuarias tirasen proveito desas ampliacións ou derivacións terán que compartir o gasto inicial, para resarcir á persoa aboada que as construíu no importe proporcional que o Concello determine.

### **Artigo 10. Conservación e modificación das acometidas**

A conservación das acometidas en perfecto estado de funcionamento, e as reparacións que resulten necesarias serán por conta do Concello.

### **Artigo 11. Baixas no servizo**

- 11.1. As persoas usuarias poderán cesar no goce do abastecemento de auga, presentando nas oficinas do Concello a correspondente comunicación escrita da baixa no servizo. Posteriormente os servizos técnicos procederán ao corte do abastecemento.
- 11.2. A baixa no Padrón de persoas usuarias e os conseqüentes efectos económicos produciranse dentro do trimestre natural seguinte ao da data de comunicación da baixa. En calquera caso cando unha persoa usuaria cause baixa no servizo procederase, pola entidade subministradora, ao precintado da toma, para o que será obriga da persoa usuaria facilitar a entrada no seu domicilio, en caso de que for preciso.

## **CAPÍTULO 4. INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA E INSTALACIÓNS INTERIORES**

### **Artigo 12. Elementos materiais do servizo**

Son elementos do servizo de abastecemento de auga potable todos os incluídos na rede xeral, que se compón de rede de alta, rede de baixa e acometidas:



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Rede de alta: Comprende as obras hidráulicas de captación, elevacións, estación de tratamento, depósito de almacenamento, de cabeceira, cola e reguladoras, edificios, dispositivos electromecánicos, tubos e conducións mestras, sistemas de regulación e control e demais elementos que dispoña a rede de alta.
- Rede de baixa: Comprende a rede de distribución necesaria para o abastecemento da poboación. Está composta de tubos, arquetas, pezas especiais, bocas de rego e incendios etc., con características que se axustarán ao indicado na normativa que lle sexa de aplicación.
- Rede de distribución primaria: Son aqueles tubos da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.
- Rede de distribución secundaria: Son aquelas conducións da rede de baixa que discorren ao longo dunha vía pública ou propiedade privada, previa constitución da oportuna servidume, sobre as que se derivarán no seu caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rego ou calquera outra permitida, para fornecer un caudal puntual necesario e suficiente.
- Acometida: Enténdese por acometida o ramal que, partindo da tubaxe de distribución secundaria máis próxima, conduza a auga ao pé do edificio ou límite da parcela que se desexe abastecer. Estará formada por un tubo único de características axeitadas ao volume de auga a subministrar. Disporá como mínimo dunha chave de corte externa na vía pública, en arqueta axeitada, fronte ao inmovible correspondente e o máis próxima posible a el. A acometida constará dos seguintes elementos:
  - Dispositivo de toma: Atópase colocado sobre o tubo da rede da distribución e abre o paso da acometida.
  - Ramal: Tramo de tubaxes que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.
  - Chave de rexistro: Estará situada ao final do ramal de acometida na vía pública e xunto ao inmovible ou límite da propiedade. Constitúe o elemento diferenciador entre o Concello e a persoa usuaria, no que respecta ao mantemento e ás posibles reparacións da acometida.

### **Artigo 13. Instalacións interiores: execución e mantemento**

13.1. Entenderanse por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmovible ou terreo a partir da chave de rexistro.

13.2. As obras na propiedade privada correspondentes a apertura e peche da gabia, así como rozas e perforacións de muros e pavimentos e as súas reposicións para o tendido da instalación interior (dende o final da acometida, realizada en zoa pública), serán efectuados e a cargo da persoa usuaria e baixo a súa exclusiva responsabilidade.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- 13.3.A instalación interior será realizada por un instalador autorizado polo organismo correspondente, e terá que executarse cumprindo as normas para as instalacións interiores de subministro de auga vixentes no momento da autorización, de acordo co RD 314/2006, que regula o Código Técnico de Edificación, e as súas modificacións posteriores.
- 13.4.Así mesmo, deberá cumprirse toda a regulamentación autonómica vixente no momento da concesión da acometida, en particular o Decreto 42/2008 e máis a Orde do 13 de abril de 2009, así como o disposto no presente regulamento.
- 13.5.Da instalación expedirase o *Certificado de instalación* correspondente, que será o documento imprescindible para a solicitude de alta no subministro. O dito *Certificado de instalación* axustarase aos modelos legalmente vixentes en cada momento e será emitido por un instalador autorizado.
- 13.6.A conservación e mantemento das instalacións interiores, serán por conta da persoa usuaria. Se a xuízo dos servizos técnicos do Concello se determinase que existe perigo grave para a seguridade das persoas polo mal estado das instalacións ou ameaza de danos graves, este poderá suspender o servizo de forma inmediata, poñendo o feito en coñecemento da persoa interesada. Neste caso, como naqueles outros nos que exista a necesidade de acometer a reparación por urxencia, a entidade subministradora poderá repercutir á persoa aboada os gastos nos que se incorrese debidamente xustificadas. As persoas usuarias serán responsables dos danos e prexuízos que as deficiencias das súas instalacións poidan causar a terceiros.

#### **Artigo 14. Prohibición de mesturar auga de diferentes procedencias**

As instalacións correspondente a cada persoa usuaria non poderán ser conectadas a unha rede, tubaxe ou distribución doutra procedencia. Tampouco poderá conectarse ningunha instalación procedente doutro contrato de subministro, nin mesturar a auga dos servizos con calquera outro. A persoa usuaria instalará os dispositivos regulamentarios para impedir os retornos accidentais cara a rede.

### **CAPÍTULO 5. CONTADORES**

#### **Artigo 15. Equipos de medición de consumo de auga**

- 15.1.A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores, que serán dos tipos aprobados ou homologados pola Delegación de Industria ou organismos competentes.
- 15.2.Os contadores poderán ser propiedade da persoa usuaria, ou do Concello, e serán o único medio que dará constancia fidedigna do consumo realizado.
- 15.3.Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante:



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- a. Contador único: Cando no inmoble ou finca só exista unha vivenda ou local e nos casos de subministracións provisionais para obras.

Instalaranse en posición horizontal coa esfera cara a enriba, xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario convenientemente homologado polo Concello, exclusivamente destinado a este fin, emprazado na planta baixa do inmoble xunto ao portal de entrada e encaixado no muro da fachada ou cerramento da propiedade que se pretende abastecer e, en calquera caso, con acceso directo dende a vía pública.

Excepcionalmente, previo informe dos servizos técnicos municipais, e en casos debidamente xustificadas, poderá instalarse nunha cámara baixo o nivel do chan, que terá acceso directo dende a rúa e situado o máis próximo posíbel ao cerramento da propiedade. O armario ou cámara de aloxamento estará perfectamente impermeabilizado e disporá de desaugue directo ao sumidoiro, capaz de evacuar o caudal máximo de auga da acometida na que se instale. Así mesmo, estarán dotados dunha porta ou pechadura homologada pola entidade subministradora. No caso de non dispor de soporte físico con acceso á vía pública para a situación do armario do contador, este colocarse nun soporte prefabricado de formigón ou ben sobre unha estrutura de obra de fábrica, de solidez suficiente, sendo en todos os casos o soporte ou armario responsabilidade sempre da persoa usuaria.

- b. Baterías de contadores divisionarios: Cando exista máis dunha vivenda ou local será obrigado instalar un aparato de medida para cada unha delas e outro para os consumos orixinados polos servizos comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local en que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos, disporá dun contador individual. Se nun inmoble hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles contará cun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

Cando nun local coexistan varias clases de usos, poranse contadores independente para cada un deles. Nestes casos, se por solicitude da persoa usuaria ou por outras razóns técnicas, soamente puidese existir un contador, o consumo total será facturado conforme á tarifa correspondente ao uso non doméstico.

## **Artigo 16. Instalación e retirada dos contadores**

16.1.A instalación do contador requirirá da previa autorización da acometida e da respectiva alta no servizo.

16.2.Os contadores poderán ser de propiedade municipal, polo que serán os servizos do Concello os que se encarguen da súa colocación e do seu mantemento, cumpríndolle á persoa usuaria o pagamento da correspondente taxa por mantemento.



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

16.3. Ora ben, a adquisición dos contadores tamén poderá realizarse libremente polas persoas usuarias, sempre que se axusten ao tipo fixado polo Concello, agás nos casos en que teña que ser o Concello quen os instale obrigatoriamente, en cuxo caso se trasladarán os custos á persoa usuaria.

16.4. Os contadores poderán retirarse por calquera das seguintes causas:

- Extinción do contrato de subministro
- Por avaría do aparato de medida
- Por renovación periódica
- Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado

16.5. A modificación da situación ou posición do contador será por conta da persoa usuaria e previa autorización dos servizos técnicos municipais.

16.6. Todos os contadores serán precintados polos servizos municipais, e non se poderán manipular.

### **Artigo 17. Verificación e conservación dos contadores**

17.1. Toda persoa usuaria poderá solicitar do Concello a retirada do seu contador para proceder á verificación do mesmo, que será realizada por un organismo competente, en cuxo caso, os custos serán a cargo da persoa peticionaria, tendo dereito á refacturación do período inmediatamente anterior á dita verificación en caso de demostrar o anormal funcionamento do aparato.

17.2. Do mesmo xeito, o Concello poderá inspeccionar o estado dos contadores para garantir o seu correcto funcionamento, que permita un control real do consumo da auga, quedando a persoa usuaria obrigada a permitir a dita inspección, sen poñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen procedentes. O persoal municipal deixará constancia por escrito das ditas inspeccións indicando a data e o resultado do recoñecemento. A negativa das persoas usuarias a autorizar as revisións será causa para a retirada do servizo nos termos previstos neste regulamento.

17.3. Será obriga da persoa usuaria a custodia do contador, así como mantelo en perfecto estado, sendo extensible esa obriga tanto nos precintos do contador, coma nas etiquetas daquel. Unha vez instalado, aínda que sexa propiedade da persoa usuaria, non poderá ser manipulado máis que polo persoal empregado do servizo e, a eses efectos, será debidamente precintado cantas veces se proceda á súa colocación.

17.4. No suposto de avaría ou rotura do contador por negligencia da persoa usuaria, danos intencionados, falla de mantemento do armario ou batería de contadores, ou outras causas diferentes ao uso normal do contador, a reposición do mesmo será a cargo da persoa usuaria, incluso no caso de que fose de propiedade municipal.

### **Artigo 18. Contadores avariados**

- 18.1. No caso dos contadores de propiedade particular, se ao realizar as lecturas ou durante as visitas de inspección se comprobase que o contador está avariado, requirirase á persoa usuaria para que leve a cabo a reparación ou substitución do dito contador nun prazo non menor de 10 nin maior de 30 días. Unha vez reparado ou instalado un novo, deberase comprobar o correcto funcionamento polos servizos técnicos.
- 18.2. No caso dos contadores de propiedade municipal, as persoas usuarias, unha vez que detecten un mal funcionamento, deberán comunicalo aos servizos municipais, para que procedan á súa revisión, e se for preciso, reparación ou substitución.
- 18.3. Durante o tempo da avaría, o consumo facturado será estimado polo servizo segundo o indicado no artigo 34 deste regulamento.

### **Artigo 19. Contadores con deficiencias de instalación**

No caso de que durante as visitas de inspección se detectase que algún contador non cumpre, en canto á súa localización ou forma de instalación, cos requisitos determinados no presente regulamento, o Concello poderá efectuar o oportuno requirimento para a resolución da deficiencia.

## **CAPÍTULO 6: CONDICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA AUGA**

### **Artigo 20. Tipos de usos**

En función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipifícase en usos domésticos e non domésticos. A clasificación destes usos farase atendendo ao establecido no artigo 6 do Decreto 136/2012 de 31 de maio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

### **Artigo 21. Usos domésticos**

Son usos domésticos os particulares que corresponden co uso da auga para atender as necesidades primarias de vida: para beber, sanitarios, duchas, cociña e comedor, lavados de roupa e de louza, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial, comercial ou profesional; máis outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal. As persoas usuarias só poderán empregar a auga para os usos concedidos e non poderán, en ningún caso, vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que se destinen aos mesmos usos para os que foron autorizados.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## **Artigo 22. Usos non domésticos**

22.1. Son usos non domésticos os correspondentes ás actividades clasificadas na Clasificación Nacional de Actividades Económicas, aprobada polo RD 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos. En función do carácter de suxeito contratante do subministro, este, tipificarase:

- a. Actividade empresarial, comercial, industrial e obras: para actividades empresariais en diferentes áreas de desenvolvemento empresarial, subministro prestado a calquera tipo de industrias nas que a auga forme parte do desenvolvemento da actividade industrial (incluídas redes interiores contraincendios) e subministro a inmobles onde se realicen obras. Ao remate das obras a empresa construtora comunicará este feito ao Concello e quedará automaticamente clausurada, rexéndose a subministración polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ao carácter e finalidade da mesma. Ata que se autorice o abastecemento definitivo, manterase vixente a autorización provisional para a obra, sendo a empresa construtora ou solicitante autorizado o responsábel do aboamento de toda a auga consumida, que se lle facturará ao prezo marcado pola tarifa non doméstica, independentemente do uso ao que se destinara. Unha vez que a nova persoa usuaria teña formalizada a correspondente alta no servizo e aboados os correspondentes dereitos de acometida, en caso de que sexa distinta da autorizada para o uso provisional, efectuarase o cambio de tarifa industrial a doméstica, no trimestre seguinte.
- b. Usos de auga en alta: Enténdese por auga en alta o subministro a outros concellos, a través do seu correspondente punto de enganche.
- c. Subministro aos servizos municipais: serán gratuítos, aínda que contarán co correspondente contador.

## **CAPÍTULO 7: CONDICIÓN DA AUTORIZACIÓN**

### **Artigo 23. Obxecto e alcance da autorización**

Os contratos de subministro formalizaranse para cada vivenda, piso, local industrial, comercial ou obra que constitúa unha unidade independente. Cada subministro quedará adscrito aos fins para os que se concedeu, non podendo dedicalo a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude de autorización.

### **Artigo 24. Suxeitos e duración do contrato**

24.1 Os contratos de subministro formalizaranse entre o Concello e a persoa titular do dereito de uso da propiedade, ou por quen a represente

24.2 O contrato terá unha duración indefinida.

24.3 Non obstante, entenderase por rematado:

- Cando a persoa usuaria solicite a baixa do servizo ou se produza un cambio de titularidade
- Cando se produza a extinción da subministración

### **Artigo 25. Subscrición do contrato**

25.1 Non se levará a cabo ningún subministro sen que a persoa usuaria teña subscrito co Concello o correspondente contrato de subministro, onde ficará indicado o tipo de uso.

25.2 Unha vez concedido o subministro, este non será efectivo ata que a persoa usuaria non materialice os traballos de conexión e pago dos dereitos sinalados na ordenanza fiscal.

25.3 Cando a subministración de auga sexa con destino a unha obra, formalizará o contrato a persoa titular da licenza urbanística ou a persoa construtora.

### **Artigo 26. Traslado e cambio de persoas usuarias**

26.1 Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmovible ou industria obxecto de subministración, a nova persoa titular deberá comunicalo ao Concello no prazo dun mes, coa finalidade de facer un novo contrato.

26.2 Nos casos en que o cambio de titularidade supoña unha mudanza no tipo de uso, isto dará lugar á tramitación dunha nova alta con todos os efectos previstos neste regulamento.

### **Artigo 27. Subrogación**

Perante o falecemento da persoa titular do contrato, o seu cónxuxe, descendentes e outros familiares ou persoas que teñan convivido habitualmente na vivenda, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas do contrato. Tamén se poderá subrogar calquera outra persoa herdeira ou legataria da propiedade ou uso da vivenda ou local no que se realice o subministro. A subrogación, só terá efecto mediante a presentación da documentación que así o acredite.

## **CAPÍTULO 8: REGULARIDADE NO SUBMINISTRO**



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

### **Artigo 28. Continuidade do servizo**

Salvo causas de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de garantir permanentemente o servizo.

### **Artigo 29. Suspensións temporais do servizo**

29.1. O Concello poderá suspender temporalmente o servizo cando:

- Sexa imprescindible para proceder ao mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo
- No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde das persoas usuarias
- Por causas de forza maior ou de recoñecida urxencia

29.2. Nos cortes previsibles ou programados, o Concello deberá preavisar á poboación, cando menos con 24 horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación, medios propios de comunicación ou nos lugares públicos de costume. O preaviso advertirá da duración prevista da interrupción.

### **Artigo 30. Restricións na subministración**

O servizo municipal de abastecemento de auga ten por obxecto satisfacer as necesidades da poboación, garantindo preferentemente o uso doméstico. Cando o Concello o considere necesario poderá, mediante acordo do órgano competente, rebaixar ou incluso suspender o servizo para usos non domésticos, sen que incorra en responsabilidade fronte a estas persoas usuarias, xa que estes abastecementos quedan en todo momento subordinados ás esixencias de consumo doméstico da poboación. No caso de imporse restricións nos abastecementos, estas afectarán en primeiro lugar aos regos de xardíns, lavados de exteriores, fincas de recreo e, seguidamente, aos usos agrícolas e industriais.

## **CAPÍTULO 9: LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN**

### **Artigo 31. Periodicidade da lectura dos contadores**

O servizo municipal está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico. A facturación do consumo realizarase con carácter trimestral (ou a periodicidade que marque a ordenanza fiscal en cada momento) e de conformidade co cadro de tarifas desa mesma ordenanza reguladora da taxa pola prestación deste servizo.

### **Artigo 32. Lecturas**

Para a práctica da lectura dos contadores, levarase a cabo en soporte informático o padrón de persoas aboadas do servizo no que se incluírán todos os datos persoais e de subministro que permitan a correcta identificación, lectura e facturación.

### **Artigo 33. Determinación dos consumos**

33.1. Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada persoa usuaria concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación. O persoal municipal encargado deste cometido soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

33.2. No momento en que o Concello, a través das lecturas efectuadas en contador ou por outro medio, detecte consumos desproporcionados aos habituais, no prazo de 10 días, comunicarase por calquera medio que permita deixar constancia da dita comunicación á persoa usuaria, ao obxecto de que esta realice as oportunas comprobacións na súa instalación.

33.3. Constatado polos servizos municipais que o aumento de consumo non é debido ás actuacións da persoa usuaria e que esta non actuou con dolo ou negligencia grave, aquela poderá solicitar unha nova liquidación na que se terán en conta os consumos realizados nos tres trimestres anteriores ao do período en que se produciu o aumento, estimándose un consumo medio para o dito tempo.

### **Artigo 34. Consumos estimados**

Cando non sexa posíbel coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia da persoa usuaria no momento en que se intentou tomar a lectura, ou por calquera outro motivo non imputable ao Concello, a facturación do consumo efectuarase conforme ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo no ano anterior, ou no seu caso nos períodos anteriores.

### **Artigo 35. Facturas e recibos: formas de pagamento**

35.1. O Concello confeccionará os recibos por consumos de auga unha vez ao trimestre, ou segundo o indique a ordenanza fiscal, logo da lectura do contador, e nunca máis tarde de 30 días dende o remate do período que se vai facturar.

35.2. As facturas e recibos emitidos polo Concello deberán levar, cando menos os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- DNI ou CIF da persoa usuaria
- Enderezo do inmovible obxecto do contrato



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- Enderezo ao que se dirixe a notificación
- Tarifa aplicada
- Lecturas do contador que determinan o consumo, xunto coas datas das mesmas que definen o prazo de facturación
- Indicación diferenciada dos conceptos que se facturan
- Importe dos tributos que se aplican
- Importe total dos servizos prestados

35.3.O pagamento de recibos periódicos realizarase polo sistema de domiciliación bancaria, para o que, no momento de formalizar o contrato de subministración, formalizarase tamén a domiciliación.

### **Artigo 36. Anuncio e prazo de pagamento en vía executiva**

36.1. Unha vez feito público o período voluntario de cobro, os servizos administrativos municipais procederán á recadación dos recibos emitidos ás persoas abonadas do servizo. O período voluntario de cobranza será de 30 días dende o anuncio de exposición do padrón municipal correspondente.

36.2. A falla de pagamento no momento e prazos fixados para o período voluntario motivará a apertura do procedemento en vía executiva, unha vez transcorridos 30 días dende o vencemento do prazo voluntario, trasladando o expediente de débeda nas facturas á Deputación Provincial da Coruña, tal e como acordou o Pleno Municipal no seu día.

36.3. Todo o anterior sen prexuízo de que tamén se poida incoar o expediente para proceder ao corte de subministración de auga, previo cumprimento dos requisitos legais esixibles, e dos especificados no presente Regulamento.

### **Artigo 37. Corrección de erros na facturación**

37.1. A persoa usuaria poderá obter do Concello calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, calquera cuestión relacionada coa subministración de auga no período dun ano inmediatamente anterior á dita solicitude.

37.2. A persoa usuaria terá dereito á reclamación da devolución de ingresos indebidos do servizo, expresando de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se basee, e achegando os xustificantes dos pagamentos e calquera outra documentación que acredite o dito extremo.

37.3. Así mesmo, nos casos en que, por erro imputable ao Concello, se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, a persoa usuaria terá dereito a que se lle

fraccione o pagamento das diferenzas ao longo dun período de tempo igual a aquel ao que se refiren as facturacións erróneas, e ata o máximo dun ano.

## **CAPÍTULO 10. SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN**

### **Artigo 38. Causas da suspensión da subministración**

38.1. O Concello, dentro do marco legal vixente, poderá suspender a subministración de auga ás persoas usuarias polas seguintes causas:

- a. Por falla de pagamento da facturación dos últimos dous recibos
- b. Por inexistencia de contrato que ampare a subministración
- c. Cando a persoa usuaria estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes dos consignados na súa autorización
- d. Por mor de que a persoa usuaria poña nas súas instalacións de subministración, sen autorización do Concello, bombas ou calquera outro aparello que poida afectar á rede de distribución do seu contorno e ao servizo prestado a outras persoas usuarias
- e. Se a persoa usuaria non permite a entrada do persoal técnico municipal, no seu inmovible, para revisar ou inspeccionar as instalacións
- f. Por mor de se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración. Enténdense por derivacións clandestinas as realizadas sen contrato nin autorización do Concello, podendo nestes casos o Concello suspender a subministración de xeito inmediato
- g. Por mor de que o uso que lle dea á auga a persoa usuaria ou o estado das súas instalacións interiores, e que poidan afectar negativamente ás condicións de potabilidade na rede de distribución, podendo o Concello tamén suspender inmediatamente o subministro
- h. Por desatender os requirimentos do Concello en orde á instalación, reparación, substitución ou arranxo de deficiencias do contador ou calquera elemento das instalacións
- i. Por non ser posible a lectura do contador durante tres períodos de facturación consecutivos
- l. Por negligencia grave da persoa usuaria na conservación das súas instalacións
- m. Por infracción das restricións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

38.2.A potestade de suspensión da subministración enténdense que é sen prexuízo doutras accións legais que sexan procedentes para esixirilles ás persoas usuarias as responsabilidades en que puideron incurrir.

### **Artigo 39. Procedemento de suspensión**

39.1.O Concello está autorizado para a suspensión da subministración nos casos que prevexa esta regulamento. Para isto, o Concello notificará previamente por escrito á persoa usuaria as causas que xustifiquen a suspensión.

39.2.Advertirá expresamente á persoa usuaria que se no prazo mínimo de 10 días naturais e no máximo de 15 días naturais contados dende o recibo da comunicación non desapareciron aquelas causas, levará a efecto a suspensión da subministración.

39.3.O Concello reporá a subministración no mesmo día ou no seguinte hábil a aquel ao que se corrixiron as causas que xustificaron a suspensión.

39.4.Transcorridos 3 meses desde que se producise a suspensión sen que a persoa usuaria emendase as causas que a motivaron, o Concello poderá resolver unilateralmente o contrato, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturacións pendentes.

### **Artigo 40. Extinción da subministración**

A subministración extinguirase:

- a. Pola petición da persoa usuaria da baixa no servizo
- b. Por pedimento da persoa dona do inmovible aínda que non sexa a persoa usuaria, sempre que probe que esta perdeu o dereito de uso do inmovible
- c. Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ao que estaba destinada a subministración
- d. Por decisión do servizo municipal de auga nos supostos en que a persoa beneficiaria do servizo non teña a calidade de persoa usuaria, isto é, non dispoña de contrato ao seu nome, ou ben por cambio do uso ao que está destinada a subministración
- e. Cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporten perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para os bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables

## **CAPÍTULO 11: INFRACCIÓN FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E SANCIÓN**

### **Artigo 41. Fraudes no subministro da auga**

Terán consideración de fraude as seguintes actuacións:

- a. Utilizar auga do servizo municipal sen ter subscrito o contrato de abono
- b. Executar acometidas sen ter cumprido previamente os requisitos previstos neste regulamento
- c. Falsear a declaración inducendo ao servizo municipal a facturar menor cantidade que a que se debía satisfacer polo subministro
- d. Modificar ou ampliar os usos aos que se destina a auga potable, especificados no contrato de subministro
- e. Levantar os contadores instalados sen autorización do Concello; romper os precintos, o cristal ou a esfera dos mesmos; desnivelalos, interrompelos ou paralos e, en xeral, toda acción que tenda a desfigurar a indicación destes aparatos e a prexudicar, polo tanto, os intereses municipais
- f. Establecer ramais, derivacións e enxertos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga por persoas interesadas ou por terceiras
- g. Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización
- h. Revender a auga potable ou subministrar auga a vivenda que carezan do servizo aínda que non constituía revenda

#### **Artigo 42. Recursos**

- 42.1. Contra as decisións adoptadas pola entidade subministradora poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Alcaldía, cuxa resolución causará estado, podendo interpoñerse contra a mesma recurso contencioso administrativo.
- 42.2. O dito recurso de reposición deberá presentarse no prazo dun mes contado dende a notificación ou publicación do acto que se trata de impugnar; entendéndose desestimado, transcorrido un mes dende a súa interposición sen que se notifique á persoa recorrente a resolución do mesmo.
- 42.3. Contra o obxecto do recurso de reposición, contra a resolución do mesmo, ou contra ambos á vez, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a sala do Contencioso Administrativo de Ferrol.
- 42.4. O prazo para interpoñelo será de dous meses dende a notificación do acordo resolutorio do recurso de reposición se é expreso; se non o fose, o prazo será de seis meses a contar dende a data da interposición do recurso de reposición.

#### **Artigo 43. Infraccións e sancións**

- 43.1. Na prestación dos servizos de auga potable as infraccións cometidas polas persoas usuarias ou terceiras clasifícanse en moi graves, graves e leves.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

a. Son infraccións moi graves:

- Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo Concello na rede interna da persoa usuaria, que signifiquen gasto excesivo de auga e eventual dano a propiedades próximas
- Interferir a prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outras persoas usuarias.
- Introducir modificacións fraudulentas nas conexións de auga potable ou nos aparatos de medición con obxecto de rexistrar menos consumo ca o real
- Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga
- Facer conexións directamente desde tubaxes de bombeo, liñas de conducción ou liñas que conecten internamente unidades do sistema
- Cometer calquera acto que dane as tubaxes ou equipos dos sistemas de auga potable
- Conectar equipos de bombeo ou mecanismo que succionen a auga directamente das redes de subministro ou desde as conexións domiciliarias,

b. Serán infraccións graves:

- Débeda en mora por un período superior a dous recibos
- Impedir o acceso ao inmovible do servizo municipal de auga para a lectura dos contadores, a inspección das instalacións ou o exercicio de calquera outras funcións para a preservación do correcto funcionamento do servizo
- Retirar ou danar os selos de seguridade dos contadores
- Non pagar a taxa por acometida
- Efectuar conexións á rede pública de auga potable mediante instalacións arbitrarias, sen contador, e sen coñecemento nin autorización do Concello
- Cortar ou interromper o servizo de auga potable dun terceiro
- Efectuar a reposición dun servizo suspendido para o que non se tivese ordenado o seu restablecemento, aínda cando se tivesen feito os pagos pendentes

c. Terán consideración de infraccións leves:

- Calquera acción ou omisión prohibida por este regulamento e non cualificada coa moi grave ou grave.

43.2.O réxime de sancións será o seguinte:

- As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de ata 3.000,00 €.
- As infraccións graves poderán ser sancionadas con multa de ata 1.500,00 €.



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

- As infraccións leves poderán ser sancionadas con multa de ata 750,00 €.

43.3. Para a imposición das sancións teranse en conta a intensidade do dano ocasionado, a reiteración nos feitos que constitúen a infracción ou a existencia de intencionalidade, negligencia e dolo.

#### Artigo 44. **Procedemento sancionador**

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a súa normativa complementaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

As persoas titulares de abastecementos privados serán as responsables da súa xestión e mantemento. Nestes casos, o Concello non estará obrigado á realización de obras de mantemento ou reparacións, salvo que os devanditos abastecementos sexan cedidos ao Concello pasando a formar parte da rede pública de abastecemento de auga potable.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

Cando por circunstancias excepcionais de seca, escaseza de caudais ou outras similares sexa preciso transvases de auga da traída municipal a depósitos de traídas privadas, o Concello instalará o correspondente contador e facturará o consumo realizado de acordo coas tarifas previstas na Ordenanza fiscal para os usos non domésticos, dentro do tramo correspondente ao de menor consumo.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

No momento da entrada en vigor deste regulamento, as persoas incluídas no padrón de usuarias do servizo municipal de abastecemento de auga potable consideraranse que posúen o correspondente contrato.

Asemade, de oficio, o Concello faralles chegar a todas estas persoas unha copia do modelo de contrato.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

As instalacións existentes fornecidas polo servizo municipal de abastecemento de auga deberán ser adaptadas, polas persoas responsables, ao recollido neste regulamento nun prazo de 2 anos dende a súa entrada en vigor



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte de que se publique integramente o seu texto no BOP.

San Sadurniño, XX de setembro de 2017

O Alcalde,

Secundino García Casal